



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

INCENTIVOS A LA CONTRATACIÓN OBRADOIRO DUAL DE EMPLEO ARTEIXO SOCIAL 2024-2025

BDNS (Identif.): 854247

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/854247>)

Extracto de la convocatoria de Incentivos a la contratación del Obradoiro Dual de Empleo Arteixo Social 2024-2025.

1.- Bases reguladoras

La convocatoria se realiza al amparo de las bases reguladoras de incentivos a la contratación del Obradoiro Dual de Empleo Arteixo Social 2024-2025 aprobadas por el Pleno de la Corporación en sesión celebrada el jueves 31 de julio de 2025.

2.- Crédito presupuestario

La cuantía destinada para el año 2025 es de 19.500,00 € con cargo a la aplicación presupuestaria 241.47001.

3.- Objeto

Los incentivos a la contratación temporal por cuenta ajena tienen por finalidad facilitar la empleabilidad y la ocupación de las personas desempleadas participantes en el obradoiro dual de empleo "ARTEIXO SOCIAL 2024-2025" del Concello de Arteixo, financiado a través de la convocatoria 2024 de ayudas y subvenciones a los obradoiros duales de empleo de la Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de la Xunta de Galicia.

4.- Procedimiento

El procedimiento de tramitación de las ayudas recogidas en esta orden se ajustaran a lo dispuesto en el artículo 19.2 da Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia, dado que por el objeto y finalidad del programa no resulta necesario realizar la comparación y prelación de las solicitudes presentadas en un único procedimiento, sino que la concesión de la ayuda se realizara por la comprobación de la concurrencia en las entidades y empresas en los empleadores de los requisitos establecidos en estas bases, hasta el agotamiento del crédito presupuestario.

5.- Requisitos para solicitar la subvención (aparto 3º de las bases reguladoras). Podrán ser beneficiarios de estas ayudas:

Podrán ser entidades beneficiarias de los incentivos a la contratación:

Las personas empleadoras y las empresas, cualquiera que sea la forma jurídica que adopten, incluidas las personas autónomas (trabajadores/as autónomos/as), las sociedades civiles y las comunidades de bienes, aunque carezcan de personalidad jurídica. En el caso de sociedades civiles, comunidades de bienes y uniones temporales de empresas, deberá hacerse constar expresamente, tanto en la solicitud como en la resolución de concesión, los compromisos de ejecución asumidos por cada miembro de la agrupación, así como el importe de subvención que vaya aplicarse para cada uno de ellos, que tendrán igualmente la consideración de beneficiario. En cualquier caso, deberán nombrar una persona representante o apoderada única de la agrupación, con poder suficiente para cumplir las obligaciones que, como beneficiaria, le correspondan a la agrupación. En el supuesto de uniones temporales de empresas, cada empresa que forme parte de esta unión deberá reunir los requisitos exigidos para acceder a las ayudas.

Que contraten trabajadoras o trabajadores por cuenta ajena para prestar servicios en centros de trabajo radicados en el ámbito territorial de los obradoiros duales de empleo relacionados con ocupaciones o puestos de trabajo vinculados a la:

Atención sociosanitaria a las personas en el domicilio (SSCS0108)

Atención sociosanitaria a personas dependientes en instituciones sociales (SSCS0208).

Para la contratación del alumnado trabajador de las especialidades de "Atención sociosanitaria a personas dependientes en instituciones sociales y en domicilio", las entidades beneficiarias estarán obligadas a proporcionar a la persona

trabajadora un trabajo efectivo relaciona con perfil profesional del título de la formación del certificado de profesionalidad, aunque su actividad económica non esté directamente relacionada con la formación recibida.

No podrán ser entidades beneficiarias de estas ayudas las administraciones públicas, las sociedades públicas, ni las entidades vinculadas o dependientes de cualquiera de ellas.

No podrán obtener la condición de entidad beneficiaria de las subvenciones establecidas en esta convocatoria las personas o entidades en las que concurren alguna de las circunstancias previstas en artículo 10 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia:

Ser condenadas mediante sentencia firme a la pena de pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones o ayudas públicas.

Solicitar la declaración de concurso, ser declaradas insolventes en cualquier procedimiento, ser declarados en concurso salvo que este adquiera eficacia de convenio, estar sujetas a intervención judicial o ser inhabilitadas conforme a la ley concursal sin que concluya el período de inhabilitación fijada en la sentencia de cualificación del concurso.

Dar lugar, por causa de ser declaradas culpables, a la resolución firme de cualquier contrato suscrito con la Administración.

Estar incurso la persona física, los administradores de las sociedades mercantiles o aquellos que ejerzan la representación legal de otras personas jurídicas, en algún de los supuestos de incompatibilidades que establezca la normativa vigente.

No estar al corriente de las obligaciones tributarias o frente a la Seguridad Social o tener pendiente de pago alguna deuda con la Administración pública de la Comunidad Autónoma de Galicia en los términos reglamentariamente establecidos.

Tener la residencia fiscal en un país o territorio calificado reglamentariamente como paraíso fiscal.

No estar al corriente de pago de obligaciones por reintegro de subvenciones en los términos reglamentariamente establecidos.

Ser sancionada mediante resolución firme, con la pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones según la Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia, o de la Ley General tributaria.

No podrán acceder a la condición de entidad beneficiaria las agrupaciones de personas físicas o jurídicas, públicas o privadas sin personalidad, cuando concorra alguna de las prohibiciones anteriores en cualquiera de sus miembros.

No podrán obtener la condición de entidad beneficiaria las entidades solicitantes que estén excluidas del acceso a los beneficios derivados de la aplicación de los programas de empleo, conforme a lo establecido en el artículo 46 e 46 bis del texto refundido de la Ley de infracciones y sanciones en el orden social, aprobada por el Real decreto legislativo 5/2000, del 4 de agosto.

No podrán obtener la condición de entidad beneficiaria las entidades solicitantes que no estén al corriente del cumplimiento de sus obligaciones fiscales con el Concello de Arteixo, que serán comprobadas de oficio.

La justificación por parte de las personas o entidades solicitantes de no estar incurso en las prohibiciones contenidas en los números 3.3 e 3.4 anteriores para obtener la condición de beneficiaria se realizará mediante declaración responsable, según el modelo del anexo II.

6.- Órganos competentes

El procedimiento será instruido por el Departamento de Promoción Económica del Concello de Arteixo, que realizará las actuaciones necesarias para determinar el conocimiento y la comprobación de los datos en virtud de los cuales se debe formular la propuesta de resolución. El órgano competente para resolver el procedimiento y la junta de Gobierno Local del Concello, según el art. 127 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local y demás legislación concordante.

7.- Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitudes será de un mes desde la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia, a través da BNDS.

8.- Plazo de resolución y notificación

Elaborada la propuesta de concesión por el Departamento de Promoción Económica y fiscalizada por la Intervención Municipal, se someterá a la aprobación de la Junta de Gobierno Local. El acuerdo de concesión, deberá notificarse a todos los solicitantes de forma expresa en el plazo de 10 días desde la fecha de la resolución (art. 40.2 da LPACAP).

9.- Documentación (apartado 6.4º de las bases reguladoras).

La documentación que deben presentar las entidades o personas solicitantes será la siguiente:

Copia del DNI, NIE o NIF de la entidad.

Documentación que acredite la capacidad de la persona que actúe como representante legal de la entidad para actuar en su nombre y representación (certificados de nombramiento, apoderamientos, etc.).

Fotocopia de la escritura de constitución, acta fundacional o documento equivalente.

Declaración responsable y autorizaciones según el modelo del anexo II.

- Declaración responsable de no estar incurso en las prohibiciones para obtener la condición de persona beneficiaria previstas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de subvenciones y en el artículo 10 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

- Declaración responsable de no estar excluido/a del acceso a los beneficios derivados de la aplicación de los programas de empleo conforme a lo establecido en el artículo 46 e 46 bis del Real decreto legislativo 5/2000, del 4 de agosto, sobre infracciones y sanciones en el orden social.

- Declaración responsable de poseer la capacidad administrativa, financiera y operativa para cumplir las condiciones de la ayuda.

- Autorización al Concello de Arteixo para la obtención de las certificaciones de estar al corriente en sus obligaciones con la Administración Tributaria, con la Seguridad Social, con la Xunta de Galicia y para comprobar de oficio que están al corriente del cumplimiento de sus obligaciones fiscales con el Concello de Arteixo (en el caso de no conceder esta autorización, deberán aportar certificado de estar al corriente en sus obligaciones con la Consellería de Facenda de la Xunta de Galicia, con la Seguridad Social, con la Agencia Estatal de Administración Tributaria y con el Concello de Arteixo).

e) Certificación de situación en el censo de actividades económicas de la AEAT.

f) Declaración responsable comprensiva del conjunto de las ayudas solicitadas, tanto las aprobadas o concedidas como las pendientes de resolución, para la misma finalidad de las distintas administraciones públicas competentes u otros entes públicos o, en su caso, una declaración de que no solicitó ni percibió otras ayudas o subvenciones según el modelo del anexo III.

g) Modelo de designación de cuenta bancaria, según el modelo normalizado a disposición en la página web del Concello.

10.- Posibilidad de reformulación de la solicitud

No procede.

11.- Recursos procedentes contra la resolución del procedimiento

Contra el acuerdo podrán formularse los recursos que procedan según los art. 123 e 124 de la LPACAP.

12.- Criterios de valoración de las solicitudes

No procede puesto que el procedimiento de concesión deberá ajustarse a lo dispuesto en el artículo 19.2 da Ley 9/2007, del junio, de subvenciones de Galicia, dado que por el objeto y finalidad del programa no resulta necesario realizar la comparación y prelación de las solicitudes presentadas en un único procedimiento, sino que la concesión de la ayuda se realizará por la comprobación de la concurrencia en las entidades y empresas y en los empleadores de los requisitos establecidos en estas bases, hasta el agotamiento del crédito presupuestario.

13.- Medio de notificación o publicación

De acuerdo con el art. 14 da LPACAP, se notificara electrónicamente la resolución del procedimiento a las entidades o personas solicitantes.

14.- Plazo de presentación de la cuenta justificativa

El plazo de justificación de la subvención será de un mes desde el remate de la contratación subvencionada por parte de la entidad o empresa beneficiaria. El acuerdo de aprobación de la cuenta justificativa y pago se notificara a los beneficiarios según el art. 40.2 de la LPACAP.

Arteixo

1/9/2025

Angel Vázquez Sande

Concejal de Promoción Económica y Fiestas

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO ARTEIXO SOCIAL 2024-2025

BDNS (Identif.): 854247

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/854247>)

Extracto da convocatoria de Incentivos á contratación do Obradoiro Dual de Emprego Arteixo Social 2024-2025.

1.- Bases reguladoras

A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras de incentivos á contratación do Obradoiro Dual de Emprego Arteixo Social 2024-2025 aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o xoves 31 de xullo de 2025.

2.- Crédito orzamentario

A contía destinada para o ano 2025 é de 19.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 241.47001.

3.- Obxecto

Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas participantes no obradoiro dual de emprego "ARTEIXO SOCIAL 2024-2025" do Concello de Arteixo, financiado a través da convocatoria 2024 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

4.- Procedemento

O procedemento de tramitación das axudas recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realizárase pola comprobación da concorrencia nas entidades e empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

5.- Requisitos para solicitar a subvención (apartado 3º das bases reguladoras). Poderán ser beneficiarios destas axudas:

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación:

As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas (traballadores/as autónomos/as), as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que vai aplicarse para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

Que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego relacionados con ocupacións ou postos de traballo vinculados á:

Atención socio sanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108)

Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208).

Para a contratación do alumnado traballador das especialidades de "Atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e no domicilio", as entidades beneficiarias estarán obrigadas a proporcionar á persoa traballadora un traballo efectivo relacionado co perfil profesional do título da formación do certificado de profesionalidade, aínda que a súa actividade económica non estea directamente relacionada coa formación recibida.

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vencelladas ou dependentes de calquera delas.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

Non estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.

Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

Ser sancionada mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións no orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que non estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo, que serán comprobadas de oficio.

A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 3.3 e 3.4 anteriores para obter a condición de beneficiaria se realizará mediante declaración responsable, segundo modelo do anexo II.

6.- Órganos competentes

O procedemento será instruído polo Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo o art. 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais lexislación concordante.

7.- Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitudes será de un mes desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da BNDS.

8.- Prazo de resolución e notificación

Elaborada a proposta de concesión polo Departamento de Promoción Económica e fiscalizada pola Intervención Municipal, someterase a aprobación pola Xunta de Goberno Local. O acordo de concesión, deberá notificarse a todos os solicitantes de forma expresa no prazo de 10 días desde a data da resolución (art. 40.2 da LPACAP).

9.- Documentación (apartado 6.4º das bases reguladoras). A documentación que deben presentar as entidades ou persoas solicitantes será a seguinte:

Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade.

Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).

Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente.

Declaración responsable e autorizacións segundo o modelo do anexo II.

- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.

- Declaración responsable de posuír a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

- Autorización ao Concello de Arteixo á obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Arteixo (no caso de non conceder esta autorización, deberán aportar certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Arteixo).

e) Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT.

f) Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do anexo III.

g) Modelo de designación de conta bancaria, segundo o modelo normalizado a disposición na páxina web do Concello.

10.- Posibilidade de reformulación da solicitude

Non procede.

11.- Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

Contra o acordo poderá formularse os recursos que procedan segundo os art. 123 e 124 da LPACAP.

12.- Criterios de valoración das solicitudes

Non procede posto que o procedemento de concesión axustarse ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación da concorrencia nas entidades e empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

13.- Medio de notificación ou publicación

De acordo co art. 14 da LPACAP, notificarase electrónicamente a resolución do procedemento ás entidades ou persoas solicitantes.

14.- Prazo de presentación da conta xustificativa

O prazo de xustificación da subvención será de un mes desde o remate da contratación subvencionada por parte da entidade ou empresa beneficiaria. O acordo de aprobación da conta xustificativa e pago notificarase os beneficiarios segundo o art. 40.2 da LPACAP.

Arteixo

1/9/2025

Angel Vázquez Sande

Concelleiro de Promoción Económica e Festas

2025/5725